

# PALLARES



REVISTA ESCOLAR EDITADA POLO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO COLEXIO PÚBLICO DE GUNTÍN E SUBVENCIONADA POLO GABINETE PROVINCIAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO: 1997/98

# Sumario

- EDITORIAL.
- LETRAS GALEGAS 1998.
- PRESENTACION E TRABALLOS DE E. INFANTIL E 1º
- NOTICIA DO COLEXIO.
- CONMEMORACIONES: NADAL, DIA DA PAZ, ...
- VELLAS TEMPOS: AS MALLAS.
- CRENZAS RELIXIOSAS POPULARES.
- AS NOSAS PRODUCCIONS: POESIA, ...
- A BOTICA DA AVOA.
- INFORMACION ECONOMICA.
- MOTOR.
- PUBLICIDADE.
- DEPORTES.
- ENTREVISTA.
- PASATEMPOS.
- HUMOR.
- DESPEDIDA.

# Editorial

Un gran saúdo para toda a Comunidade Escolar que acceda a este periódico:

O motivo polo que tódolos alumnos e alumnas contribuímos na elaboración destas páxinas é para que contemplan o noso traballo e vexan que vir ó Colexio nos serve de moito. E que merece a pena levantarse ás sete ou ás oito da mañá para vestirnos, peitearnos, darno-lo almorzo, ... e animarnos a cumprir co noso deber e vir a este lugar tan bo para nós; no que pasamos a meirande parte da nosa infancia, dende os tres ou catro anos ata saír daqui feitos xa uns rapaces e rapazas.

Polo tanto o noso obxectivo é o de prepararnos para que algún día cheguemos a ser alguén na vida.

Anque por moi trastes ou pillos que algunha vez somos, queremos que saiban tamén que temos un corazónciño no que gardamos un rincón para a Escola e para Galicia, a nosa terra á que amamos.

O sacar este xornal coincidindo coa data do 17 de Maio é porque queremos contribuir co espallamento e dignidade da nosa lingua. E aquí vai a nosa homenaxe ó DIA DAS LETRAS GALEGAS.



# LETRAS GALEGAS

Este ano o Día das

Letras Galegas está adicado a tres  
trobadores medievais da rúa de Vego:  
Martín Códax, Mendinho e Xoán de  
Cangas.

As cantigas que compuxeron son  
principalmente as chamadas Cantigas de Amigo-  
nas que aparecen sempre unha muller que fala do seu  
amigo ou namorado, lamentando a súa ausencia e  
esperando que volva pronto.

# ¡¡HOLA, SOMOS OS MAIS PEQUENOS!!

CHAMOME LUCIA

CHAMOME CECILIA

TEÑO 4 ANOS

TEÑO 4 ANOS

VIVO EN TRASTURFE

VIVO EN VILAMANTOR



CHAMOME MARIA

TEÑO 4 ANOS

VIVO EN GUNTÍN



CHAMOME ANA

CHAMOME JOSE

TEÑO 5 ANOS


TEÑO 5 ANOS

VIVO NO PICARETO

VIVO EN VILAFLEÁ


Asi ESCRIBEN E PINTAN EN 5 AÑOS

O Delfin e bon




JOSÉ

a borborista tem muitas cores  
~~laura~~




-a vava come pienno e do  
~~leite~~  
leite




o - com - ladrões - e - preso com cadea

MARIA



o pato nada polagua



MANUEL


a tirafas - anda nos  
ouros

piees e


REI  
OSA



o lecerro mamma na vato




o gato matou um rato



Rulén

o coelho come pienso



MA E.A



Os alunos de primeiro



LUCIA



Sandra




Salvador



ANAVI




Alba




Raquel




Eva



Simão




RUBEN




Alexandro




ANALIA



LUIS



A NAT.



Diego



alvare




martin




NIGUEL


Unha viaxe Eva Vázquez Vilela



aquel día pola tarde subimos  
o autolus




chegamos ó circo




o pallaro meteu na caixa



as trapezistas andan en  
bicicleta




había un toro





tuvemos que volver ó  
colexio.

# A plantação


Semearmos as plantas, regámo-las  
e alimentámo-nos por elas. Há  
pedras, folhas e moedas.




Alcandro



RUBEN



O DELEGADO DE EDUCACIÓN  
ACHEGHOUSE A GUNTÍN PARA SUPERVISAR  
AS OBRAS QUE SE EFECTÚAN NO COLEXIO



REFORMARASE O ACTUAL COLEXIO E  
LEVANTARASE OUTRO EDIFICIO ANEXO

O delegado revisou as obras para face-lo Centro de E.S.O. en Guntín. Farase un novo edificio de dúas plantas comunicado co actual pola planta baixa.

O antigo edificio vai ser mellorado e porase un ascensor.  
O presuposto ascende a 165'9 millóns de pesetas.

# O NADEL

O 19 de decembro, no C.P. de Guntín celebrábase a festa do Nadal. Foi organizada polos alumnos do colexio público de Guntín e coa axuda dun profesor especializado en arte dramática "Ismael". Representáronse diversas obras.

- "ESTA NOITE NACE O NENO"
- "VIAXE A BZELÉN"
- "ZEBERPO" NO CIRCO DAS MARAVILLAS"
- e "SKETCHS".

Estas obras acadaron moito éxito, tanto que á noite (8:30) volvéronse representar para os pais, familiares, veciños, etc. Houbo moita afluencia de público.

Neste momento estamos ensaiando obras para representarl as polas Letras Galegas e Fin de Curso.

Esperamos que vostedes poidan existir a estas espectaculares representacións.

# 30 de Janeiro DIA ESCOLAR POLA PAZ

Se hai paz  
o mundo será  
máis feliz.

Paula

Nom máis  
mortes de  
xente inocente.  
Para cada dos  
días nom para  
un so día.  
¡Viva a  
PAZ!

Edo. Estrella

Haxa paz en  
Todo o Mundo  
Porque todos  
Somos irmáns

Paula Campos

Para conseguir  
paz hai que  
traballar por ela.

Me duiso  
Rodriguez

A cor da  
Pel non inflúe  
Nos  
Corazóns

Cristina V.

Se non  
hai  
Paz non podemos  
vivir felices


Pedro Alvarez

A paz  
comeza pola  
PRÓPIA Familia

Marta

Haxa paz  
nos corazóns  
dos seres  
humanos

Lucía



Non ten  
que haber  
guerras ten  
que haber  
paz  
Roberto

Haxa paz  
no mundo  
que é o mellor  
que hai  
Diego

HAXA PAZ  
ENTRE  
TODO O MUNDO  
Tuan Potente

Haxa paz  
e felicidade  
para todo o  
mundo e basta  
xa de guerras  
Diego

Que non  
asesinen  
A  
MÁS PERSOAS  
Diego

guerras  
máis  
paz  
Roberto

Que a paz  
domine o mundo e  
desapareza a polve-  
ra e a xente sexa  
boa.  
Hugo





23

DE

**D**ivertido e ameno,  
**I**nteressante e colorido,  
**A**rmonioso e alegre,

**D**orado e entretido.  
**C**onbrigado amigo.

**L**endo aprendemos  
**I**nteressantes acontecimentos,  
**B**onitas aventuras,  
**R**isos, amarguras,  
**O**pinions e razonamentos.

ABRIL

Vive a aventura  
da leitura.

Le um libro.  
e atoparás un amigo.


Aprende coa  
lectura.

Le un libro  
e divertirás-te.

Descubre que ler  
é un pracer

5º de E.P.

# PARA CANDO TRONA




Cando Trona queimase lo ureiro bendito e rézanse estas oracións:

Sta. Bárbara bendita,  
que no ceo estás escrita;  
garda pan e garda viño,  
garda xente de perigo,  
garda gando que hoxa  
pelo monte estraviado.

Cando Trona Cristo sana  
San Miguel coa súa coroa  
Sta Bárbara bendita,  
no ceo estás escrita  
con letras de auga bendita.

Revestido está San Pedro  
con tres anxos no medio,  
Tamén está San Nicolás  
gardando milas e "cidas".



O que esta oración dixera tres veces ó día, nin raio nin pedra  
o pariría. Reza-se un padrenuestro e un avemaría

Diego

Rosario Alvarez

Paula Rodriguez

# PARA COZELHO PÃO

O em pezar a amasar?

"Deus me axude coas súas mans de ouro"

O acabar de amasar:

"No nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Deus che pague ben que che ten que facer.


O metelo pan no forno:

Faise unha cruz coa pá na porta e díñese unha destas oracións:

"Vai o pan no forno,  
vai a gracia de Deus  
polo mundo todo.  
Deus o suba nos agros  
e o baixe nos mercados."

"Deus che der boas  
medras"

"Deus, queira que nunca fame de pan nos deixes  
pasar."



M<sup>te</sup> Luísa

~~Cristina~~ AV

Rocio Alvarez

Lucia

# CONTOS DO MEU AVO . . .


Érase unha vez un matrimonio ó que lle morrera a irmá da muller. Pero antes de morrer a muller estivera moi enferma; e a irmá díxolle á Virxe da Esperanza: "Ai, Virxeiña, se curas a miña irmá hei che pagar unha misa."

Como a irmá morreu non lle ofreceu a misa.

De noite oían petar no lavadoiro: ¡pun, pun!. E así unhas tantas noites ata que unha vez lle dixo o marido a muller: "Imos ver que anda aí. Foron e encontraron coa irmá."

- Ai, muller, díxechelle á Virxe da Esperanza que lle ofrecías unha misa e non lla pagaches; agora estou en pena e non podo ir á ceo.

O día seguinte cumpriron co prometido e dende aquel día nunca volveron sentir máis nada.



5<sup>o</sup> N<sup>o</sup> duisa

# AS MALLAS

A finais do mes de xullo empezaba o traballo da sega. Había que segar co fouceiro, despois facíanse os mollos que se ataban coa mesma palla. Cando se tiña a leira toda en mollos facíanse os medeiros e quedaban na leira ata que días máis tarde se carreaban no carro para a eira e poñíanse nunha meda.

Viña o tempo da malla e xuntábanse os veciños para facelo traballo primeiro nunha casa, logo noutra e así que se acababan tódalas mallas.

A malla consistía en bota-los mollos á desgranadora que era impulsada por un motor a través dunha polea. Por medio dun cilindro sacaba os grans das espigas, por un lado saía a palla que era levada en grandes feixes polos mozos máis fortes para construí-lo palleiro; polo outro saía a gra que se transportaba en cesta á limpadora, outra máquina que movida por unha manivela daba aire e cribaba, e así separaba os argaxos da gra. Unha vez limpa botábase en sacos e levábase á tulla.

Era un traballo duro, suxo polo moito pó, e fatigoso; pero contan os maiores que era divertido pola xuntanza de xente nova sobre todo, que era máis alegre que a de agora.

## VOCABULARIO:

Argaxo: Lixo e po que ten a gra.

Gra: Conxunto de grans de cereais.

Meda: Construcción cónica que se fai na eira cos mollos.

Medeiro: Pequena construcción feita na leira cos mollos.

Mollo: Brazada. Feixe de cereais que se fai despois de segar.

Tulla: Hucha ou depósito para garda-la gra.

Día de San Xoán sécalle a primeira raíz ó pan,  
día de San Pedro sécalle a do medio,  
día de Santa Ana sécalle a cana,  
día de Santa Isabel seca todo el;  
colle o fouceiro e bótate a el.

Agosto pasou  
e quen mallou, mallou.

## OS ANXOS

Os anxos chorando están,  
contemplando dende o ceo  
as nenas que veñen e van,  
dando sorte ós conductores  
e axudando ós labradores.



Choran porque están tristes,  
porque segue habendo mortes  
porque segue habendo guerras,  
porque segue habendo inxustas ordes.




Os anxos axúdannos  
coas súas ás de prata  
e rica frescura,  
con cara rosada  
e con tenrura,  
co seu corazón,  
con alegría pura,  
con gran emoción  
e sen amargura.



Os anxos son nosos amigos  
bríndannos felicidade,  
coa súa nobreza,coa súa bondade,  
coa súa grandeza,coa súa amizade.

## AS FLORES

As flores  
son fermosas  
e bonitas  
coma as mariposas.  
Son coma damas  
vestidas de seda.  
E as nenas  
máis pequenas choran  
por unha delas.  
Si, unha flor,  
unha vermella  
chea de amor  
cun corazón  
pequeno pero  
moi bo.



MARISA 5º



A uns morenos ós  
que queremos e  
nunca poderemos olvidar,  
contar o noso amor  
sería unha  
eternidade.  
En silencio choramos  
porque nos roubaron  
o noso corazón  
e se alguén dubida  
do noso amor,  
dádenos dúas puñaladas  
e en cada gota  
do noso sangue  
veredes ás súas imaxes  
gravadas

De Beatriz e Verónica para  
Raúl e Panucci

# PARIEADOS



A pequena lagartixa  
escondese nunha rendixa.



Quero ser tan dixil, tan guapo  
e tan elegante coma o gato.




No estanque coa raí  
dende a noite ata a mañá



¿Onde vas rata peluda,  
sempre xugando basura?

Xogar coa cometa é divertido.  
so compre vento e non solta-lo fío.



Non hai ninguén tan dormilón  
coma o pequeno lirón.



Para pescar un peixe voador  
hai que ser un bo pescador.



A cabra percorre o prado  
e o año vai ó seu lado.



6º. E.P.



# O Veral

## UNHA SAIDA INSTRUCTIVA

Días 27 e 28 de abril,  
luns e martes pola mañá,  
os alumnos de 5º e 6º  
marchamos para O Veral  
á Aula da Natureza  
un ecosistema estudar.  
O malo foi que chovía  
e tivemos que nos mollar  
para poder coñecer  
aquele fermoso lugar,  
o río, as árbores...  
¡que paraxe singular!  
co seu muíño, a súa charca...  
Foi unha clase xenial  
coa que aprendemos moito  
do ecosistema fluvial.  
O que en vivo e en directo  
non puidemos contemplar  
mostráronnolo en diapositivas  
grabadas naquel lugar.  
O aprendido nese día  
non o habemos olvidar.  
E á unha do mediodía  
a Guntín houbo que voltar.  
¡Que pena que aquela clase  
non durara unha hora máis!



5º e 6º de E.P.

## - Conto -

Cerepiña era unha froita rara. Tiña casca de cereixa e corpo de piña. Estaba na froitería dun mercado. As outras froitas ríanse dela e estaba moi disgustada.

Unha noite cando todo estaba escuro marchouse e escondeuse detrás dunhas caixas. O día seguinte cargaron as caixas nun camión de froitas. Cerepiña tamén ía.

Chegaron a unha cidade. Todas as cousas eran distintas. Había froitas parecidas a Cerepiña. Eran boas con ela. Contoulles o que lle pasara e decidiu quedarse alí para sempre.

2º E.P.

BEJITO



JOSE CASTRO

2º ciclo de P.

# A Botica do Povo


2º ciclo de P.

Hisopo



Esta planta é propria da  
região mediterrânea. Re-  
colhe-se em plena flora-  
ção e, seca-se a sombra.  
Emprega-se no trata-  
mento dos hemato-  
mas, chagas, feridas  
e queimaduras.


Arnica



Medra em montanhas e prados  
secos; as flores são de cor  
marrom.

Indicações:

Faz desaparecer as mareaduras  
e o acné da pele.



HINOJO

Encóntrase en paraxes sin cultiva, secos e herbosos. As semillas recóllense entre setembro e outono e prepáranse maceradas ou en tixina.

INDICACIONS:

Ronqueira, acidez de estómago, gases, fatiga e tos.



ANÍS

Date en seccións de clima cálida e presérvantase os umbrosos cando empezan a pórtese amarellos.

INDICACIONS:

Catarrax bronquiales e gases.

Tamén se usa como edulcorador de sabor.



MANZANILLA

Tamén coñecida como camomila. Medra ó borde dos camiños, en terras de cultivo e prados.

INDICACIONS:

Inflamacións (internas e externas), anti-diarréico e discepsións difíciles.



ORÉGANO

Encóntrase en prados e bosques secos e terreos soleados.

INDICACIONS:

Gases, discepsións difíciles, indixestións e inapetencia.



TOMILLO

Chamado tamén "falso poleo"  
 Encóntrase en prados e pastizales  
 secos.

Tamen se cultiva.

Recóllese entre maio e outubro.

INDICACIONES:

Inflamacións da boca, aftas, cha-  
 gas, dor de cabeza de orixe nervioso.




CALENDULA

Tamén se chama marroavilla.  
 Medra de maneira espontánea e  
 pódese cultivar facilmente.

Recóllese en pleno verán cando  
 as flores están totalmente abertas.

INDICACIONES

Uso boa para o tratamento de fe-  
 ridas, úlceras, acné, e picaduras  
 de insectos.




COMINO

Utilízase a súa froita, recóllese  
 entre os meses de xullo e agosto.

INDICACIONES:

Falta de apetito, gases  
 intestinais e máis alteracións  
 da dixestión en xeral.



ROMERO

Típico de prados áridos  
 e cercanos á costa. Tamén  
 se cultiva.

A planta completa recólle-  
 tase durante todo o ano.

INDICACIONES:

Arrugas, tos, agotamento  
 físico e hipercolesterolemia.



TILIACORA

Tamén chamado pe ou unlla de cabalo. Encóntase en terras arcillosas.

As flores recóllense de febrei até maio e as follas entre os meses de maio e outubro.

**INDICACIONS:**

Tos, engorramentos, e bronquitis.



MILIUM

Conhecida tamén como mil-follas encóntase nos prados, pasteiros e camiños.

**INDICACIONS:**

Acné, desconcepcionante da epiderme, transtornos do fígado e da biles, varicela, chagas, queimaduras, hemorroides e transtornos circulatorios.




VALERIANA

Tamén se chama herba dos gatos. Utilízase a raíz e os rizomas.

Encóntase en bosques húmidos, canxas e pradeiras. Recóllese en outono e primavera.

**INDICACIONS:**

Asma, insomnio, depresións e ansiedade.



MENTHA

Chamada tamén hierba buena de fácil cultivo, as follas recóllense antes da floración e as flores nos meses de xuño e xullo.

**INDICACIONS:**

Acidez de estómago, gastritis, xaqueca, cefaleas e náuseas.




### Ortiga

Planta herbácea moi abundante  
em xardíns e hortos.

Rica en Vitaminas, ferro e  
magnésio

Indicacións: Reumatismos,  
gargarismos, Caída do pelo.



### Sauco

É unha arboreta de flores  
brancas e froitos de cor  
negra.

As flores secas empréganse  
no mesturado.



### Cilidônia

Medra en muros preto das vivendas.  
Ten flores de cor amarela.  
Indicada para uso externo, fun-  
de verrugas, durrecas e callos,  
utilizando o zume amarelo dos  
talos.



### Tilo

É unha árbore con  
moitas aplicacións en  
fitoterapia, emprégase,  
para calma-los, nervios  
contra o insomnio, cal-  
ma-la tos...






### Eucalito

Orixe: Australia

En Galicia hai grandes plantacións.

As follas, secas, teñen propiedades antisepticas, sendo boas contra os catarros.




### Allio

Foi considerada polos escipcios como un alimento fundamental.

#### Indicacións:

Baixa o nivel de colesterol e a tensión arterial.  
Regula a flora intestinal.




ZANATHIONIA HOFFENSE  
Daucus sativus Hoffmann  
Família de las Umbelliferas  
Flores verdosas

### Cenoura

A cenoura é unha das hortaliças máis ricas en vitaminas e minerais.

#### Indicacións:

Mellora a vista, protexe a pel e favorece a produción de glóbulos vermellos.




### Col

Usada na antigüidade exclusivamente como planta curativa.

#### Indicacións:


Reumatismos, queixaduras, contra a tos e bronquite.



LAVANDA

Tambem conhecida co nome de espieço. As flores recolhen-se entre xuño e xuño.

INDICACIONES: Anxia, cabelos delicados, desinfección da pel e da boca, dores reumáticas e insomnio.



MELISA

É unha planta cultivable utilízanse as follas verdes e o tallo florido.

INDICACIONES: Anemia, dixestión difícil, inflamacións da boca e do gorrax e fígado cansado.



MALVA

Hecha facilmente en maceda. Aproveítanse as follas e as flores.

INDICACIONES:

Afeccións das vías respiratorias, e inflamacións intestinais. É un sedante do sistema nervioso.



SALVIA


Planta pouco común moi estendida grazas o seu cultivo. Utilízanse as follas e as sumidades florales.

INDICACIONES:

Dixestións difíciles, inflamacións bucales, sudoración excesiva.

# PAXINA ECONOMICA

A bolsa de Madrid bateu un novo máximo histórico. O mercado bursátil é mellor có do ano pasado. Dende hai un ano o valor da moeda española duplicouse con respecto ó ano pasado xa que as accións son máis cotizadas ; de 400 puntos do ano pasado pasaron ata 900, máis do dobre. Hoxe a bolsa española está nos mellores tempos da súa historia. Anque non se descartan baixadas e subidas.



O euro será a moeda do futuro xa que dentro duns anos, parece ser entre o ano 2000 e o 2002 utilizaranse as dúas moedas para se ir acostumando ós euros , despois do 2002 será moeda única en tódolos países que pertencen a Union Europea e que cumplan os requisitos do deficit e inflación quere decir que as que teñan moito deficit e inflación non poderán entrar nela. Esa moeda ten hoxe un valor aproximado de 165 pesetas, quere decir, que un euro será igual a 165 pesetas .

Haberá moedas e billetes.

Os billetes de 5 euros seran grises, de 10 vermellos, de 20 azuis, de 50 laranxa, de 100 verde ,de 200 marelo castaño e de 500 purpura.

As moedas serán de 1 e 2 euros.

Ainda non se aprobou o seu deseño , sabese que terán una cara común para tódolos países e outra nacional . o euro devidese en 100 centimos.

Acuñaranse moedas: 1, 2, 5, 10, 20, e 50 centimos.

2º de E.S.O.

Jesús Valén Álvarez


Ramón López Varela

# Paixón

## Polo

# MOTOR

PORCHE 911 CARRERA MAGNUM



Anque o novo bastidor permite diabluras, cunha ampla marxe de seguridade necesitase unha boa dose de pilotaxe.

### Debuxos

~~Mario Lopez~~  
~~Javier Rey~~


### Textos


~~Carlos Rey~~  
~~Samuel Arino~~

~~Miguel Ángel Fernández~~  
~~Valín~~

PEUGEOT 306



Onovo peugeot 306 permite gran seguridade na autovia e en calquera tipo de terreo. O novo peugeot 306 permitenos facer adiamentos perfectos.






A identificación da VF 750 F únese ca sigla R, ó modelo, a variante, e ó motor sofren cambios, e reduce ó peso total. Suspensión posterior basculante t tamén é de aluminio e ó lado anterior de 16 pulgadas.

A nova Cagiva F 900 pilla 260 km/h, tamén é de campionato, en 1980 gana o campionato.



A VF 750 F recibe polo RC 30 a VF. A potencia viuse limitada a 100V, suspensión posterior só brazo de basculante.

A nova Z.Z.R 1100 é do campionato de España, pilla 360 km/h.





NOTA ACLARATORIA DOS AUTORES:

Aínda que vos pareza increíble, os debuxos foron feitos á man, son copiados e non calcados.

# PUBLICIDADE


Nou te metas na droga  
que é un pozo onde se afoga.

Máis fácil é non empezas  
ca deixar de fumar.



Ten cuidado co alcohol,  
é malo para o colesterol  
pero aínda trae consecuencias  
peor.

A lectura é unha  
boa aventura.



Nou comas tantos doces;  
os teus dentes hancho  
agradecer e a túa carteira  
tamén.

Nou contamine-la paisaxe  
cando vaias de viaxe.

FALA GALEGO



Gerardo

~~Charlie~~

Noisés

Se amas a Galicia  
emprega a súa lingua.

Roberto

Marcos Zolle

## DEPORTES

O noso colexio está integrado na zona sur, nesta ademais atópanse tamén os colexios de: Palas de Rey, Friol, Antas de Ulla, Taboada, e Monterroso nº1 e 2.

O colexio de Guntín participa en varias clases de deportes, no cal destacamos en atletismo aínda que nos outros non saímos tan mal parados.

**CAMPO A TRAVÈS:** É o deporte máis tempraneiro, que practicamos no primeiro trimestre do curso. Consiste en correr a través dun circuito pechado. Cada categoría corre unha distancia diferente. Na zona disputanse tres carreiras aínda que só a terceira é clasificatoria para os campionatos provinciais. Para os que se clasificaron os seguintes equipos e corredores:

**Benxamis:** aínda que non puideron participar nos campionatos provinciais quedaron ben na nosa zona.

**Alevín masculino:** Clasificáronse por equipo os seguintes corredores: Jose Castro, Diego Carreira, Diego Rodríguez, Hugo Conde, Julián Nuñez.

**Infantil feminino:** Clasificáronse por equipo: Verónica Varela, Ana Cadavide, Sonia García, Sara Villar, Silvia Reigosa, Isabel Cazón.

**Infantil masculino:** Clasificáronse: Marcos Zolle e Alberto Sindín.

**Cadete masculino:** Clasificáronse: Rafael Rey e Carlos Rey.

Desafortunadamente ningún destes corredores nin equipos se puido clasificar para os campionatos galegos.

**BALONCESTO:** Coma en campo a través participase nunha liga entre os distintos colexios, e os resultados foron:

| Baloncesto Alevín  | Xogados | Gañados | Perdidos | GF | GC | Ptos |
|--------------------|---------|---------|----------|----|----|------|
| Monterroso nº2     | 2       | 2       | 0        | 50 | 21 | 6    |
| Taboada            | 2       | 1       | 0        | 20 | 22 | 3    |
| Guntín             | 2       | 0       | 2        | 23 | 48 | 0    |
| Infantil masculino |         |         |          |    |    |      |
| Taboada            | 1       | 1       | 0        | 52 | 13 | 3    |
| Guntín             | 1       | 0       | 1        | 13 | 52 | 0    |
| Infantil feminino  |         |         |          |    |    |      |
| Guntín             | 1       | 1       | 0        | 28 | 0  | 3    |
| Taboada            | 1       | 0       | 1        | 0  | 28 | 0    |

**FUTBOL SALA:** Igual ca en baloncesto, disputase entre os colexios anteriores citados o comezo.

| Benxamin:      | Xo. | Ga. | Em. | Per. | GF | GC | PUNTOS |
|----------------|-----|-----|-----|------|----|----|--------|
| Monterroso 1A  | 7   | 6   | 1   | 0    | 69 | 12 | 19     |
| Monterroso nº2 | 7   | 6   | 0   | 1    | 39 | 18 | 18     |
| Friol          | 7   | 4   | 0   | 2    | 33 | 19 | 15     |
| Antas de Ulla  | 7   | 5   | 0   | 2    | 29 | 14 | 12     |
| TABoada        | 7   | 3   | 1   | 3    | 32 | 23 | 10     |

DEPORTES

| BENXAMIS                | X. | G. | E. | P. | GF | CC | Puntos |
|-------------------------|----|----|----|----|----|----|--------|
| Guntin                  | 7  | 3  | 1  | 3  | 20 | 35 | 10     |
| MonterrosoLB            | 7  | 2  | 0  | 7  | 15 | 51 | 0      |
| Palas                   | 7  | 0  | 0  | 7  | 4  | 71 | 0      |
| <u>Alevines</u>         |    |    |    |    |    |    |        |
| Monterroso <sup>2</sup> | 7  | 5  | 1  | 0  | 37 | 7  | 19     |
| Palas                   | 7  | 6  | 1  | 0  | 38 | 11 | 16     |
| Taboada                 | 6  | 3  | 0  | 3  | 19 | 24 | 9      |
| Antas                   | 6  | 3  | 0  | 3  | 27 | 23 | 9      |
| Monterroso 1            | 6  | 3  | 0  | 3  | 39 | 31 | 9      |
| Friol                   | 6  | 1  | 0  | 5  | 10 | 32 | 3      |
| Guntin                  | 6  | 0  | 0  | 6  | 9  | 52 | 0      |
| <u>Alevines fem.</u>    |    |    |    |    |    |    |        |
| Monterroso 2            | 4  | 3  | 1  | 0  | 11 | 2  | 10     |
| Friol                   | 4  | 2  | 1  | 0  | 7  | 6  | 7      |
| Guntin                  | 3  | 1  | 0  | 2  | 4  | 4  | 3      |
| Taboada                 | 3  | 0  | 0  | 2  | 0  | 5  | 0      |
| <u>Infantil fem.</u>    |    |    |    |    |    |    |        |
| Guntin                  | 2  | 2  | 0  | 0  | 9  | 0  | 6      |
| Friol                   | 2  | 1  | 0  | 1  | 1  | 5  | 3      |
| Taboada                 | 2  | 0  | 0  | 2  | 0  | 4  | 0      |
| <u>Infantil mas.</u>    |    |    |    |    |    |    |        |
| Taboada                 | 3  | 3  | 0  | 0  | 19 | 4  | 9      |
| Palas                   | 3  | 2  | 0  | 1  | 16 | 12 | 6      |
| Guntin                  | 3  | 0  | 1  | 2  | 7  | 13 | 1      |
| Friol                   | 3  | 0  | 1  | 2  | 5  | 18 | 1      |

ATLETISMO:

O atletismo no colexio de Guntin è o deporte no que os atletas do colexio destacan sobre os outros deportes. No noso colexio sempre houbo bos atletas è o caso de Isabel Basadre que o ano pasado logrou a mellor marca española en peso e disco.

Este deporte practícase tres domingos durante os meses de marzo, abril e maio. Os dous primeiros domingos serven para clasificarse para o terceiro que è o clasificatorio para o campionato galego.

Os atletas clasificados para o terceiro domingo que se celebrara o 10 de maio de 1998 son:

M<sup>a</sup> del Carmen Fdez. Castro/peso. Jose Castro/60m. long.

Ana Cadavide/80m. Altura Verònica Varela/ 150m.

Sonia Garcia/1000m. Sara Villar/ 80m.v.

Pamela Abelairas/Peso-Disco. Oscar Varela/1000m. obs.

Cristina Abelairas/Peso Marcos Zolle/Altura- Triple salto.

Autoras: Sara Villar e Verònica Varela.



## ENTREVISTA

Dende uns anos para acá o deporte en Guntín, sobe, sobe... O curso pasado falabamos con Iván un futbolista noviño, pero que está a se-la alma do equipo xuvenil do Lugo. Hoxe queremos falarvos e falar con outra deportista tamén moi nova, pero ,que os seus 14 anos , foi a mellor lanzadora de España en disco e peso o curso pasado. Ela lanzou o disco de 800 gr. a 36,70 m., 2,86 m por riba da súa inmediata seguidora e o peso de 3 kg. a 12,09 m., 21 cm. máis ca segunda. Falamos de Isabel Basadre Pérez, alumna do noso colexio o ano pasado.

-¡Ola Isabel! ¿Cómo estás?

Ben, moitas gracias.

-¿Cambiou moito a túa vida dende o ano pasado?

Si, cambiou moito.

-¿Podes dicirnos en que cambiou?

Cambiou en moitas cousas. Empecei os estudos no Instituto polo que tiven que deixar unha temporada o atletismo, pero desexo acabar ben este curso e a ver se para o ano que vén podó comezar de novo en atletismo.

-Fálanos un pouco de cómo é a vida no Instituto, pois xa sabes que nós sempre nos estamos queixando do Colexio. ¿Mellora a vida do estudante ó pasar o Instituto?

A min o paso do Colexio ó Instituto fíxoseme bastante duro, hai máis que estudar e encontras todo novo, non é coma no Colexio que acabas un curso e comezas outro e sempre te encontras cos mesmos profesores, compañeiros, etc.

En realidade non me mellorou moito a vida, ó contrario empeoroume entre outras cousas, tiven que deixar moitas cousas que me gustaban polos estudos.

-Falemos agora do deporte. ¿Recordas como te metiches no atletismo e que sentíche-lo primeiro día que pisaches unhas pistas de atletismo?

Metínme no atletismo un día , cando o profesor de E.F., Don Pedro me dixo que podía participar e díxenlle que si, e todo comezou por aí.

Sentínme rara, nunca estivera alí, non sabía como era aquilo, se había outras lanzadoras mellores, que si que as había, en realidade non sabía "nada".

-Xa sabemos que gañabas sempre ,pero ¿gañache-la primeira proba na que participaches?

Non ,o ano que empecei non me saíron as cousas moi ben, quedaba de 4ª, 3ª e aínda en postos peores.

-¿Perdiches algunha máis?

Non me acordo

-¿Cal foi a que máis che doeu perder?

O primeiro ano na categoría infantil, nos galegos tiña toda a esperanza de gañar pero non foi así, quedei no 2º posto.

-Proporcionouche o atletismo moitas satisfaccións? ¿Cal foi a maior de todas?

Si, a maior de todas foi facer moitos amigos doutros colexios.

-Sabes cantas medallas gañaches?

Unhas 16

-¿E copas?

Creo que sete.

-¿Reñiron teus pais contigo algunha vez por culpa do deporte?

Si algunha que outra vez, o típico que si fas deporte non estudias, que vas suspender, etc...

*- Mentras se está no Colexio, ¿son compatibles o deporte e o estudio? ¿E ó pasar ó Instituto?*

Si

Pois a min ata de agora non me foi posible.

*- Soñaches algunha vez ser campiona de España? ¿E do mundo? ¿Cal sería a túa maior ilusión no atletismo?*

Si

Non

Pois a anterior, ser campiona de España.

*- Para chegar a ser algo no deporte xa sabemos que é preciso entrenar moito. Supoñemos que ó irs para Lugo terías moitas máis facilidades para entrenar. ¿Qué tal vai iso?*

Si é máis fácil. A min o entrenador deume moitas facilidades porque se non me caía ben un día ía outro que el sempre estaba alí, pero tíveno que deixar porque non o puideron compaxinar cos estudos.

*- Polo que acabas de contarnos, deducimos que este ano está perdido deportivamente. ¿Pensas abandonar ou volverás ós entrenamentos tan pronto te recuperes?*

Teño pensado volver, é o que máis desexo pero a ver como me van as cousas.

*- Sendo tan boa como eras ¿Cal foi o motivo de abandona-lo deporte?*

Como xa antes dixen, non o puideron compaxinar cos estudos.

*- Teus pais están de acordo con esta decisión de abandono ou incluso foi motivada por eles?*

Cando comecei o Instituto dicianme que o deixara unha temporada para ver como me ían os estudos, eu non lles fixen moito caso, seguí porque non o quería deixar; agora que o deixei dinme que non o abandone de todo, que siga anque pouco.

*- ¿Foi unha decisión fácil ou difícil?*

Moi difícil.

*¿Gustábache o deporte que practicabas?*

Si, moito.

*¿Faciás algo especial para ter tanta forza?*

Non, so entrenar e non moito a verdade.

*- ¿Na actualidade, practicas algún deporte?*

Non.

*- ¿Queres engadir algo máis?*

Darlle ás gracias a tódolos profesores e en especial a Don Pedro que me abriu moitas portas no atletismo e gracias a el tiveron máis facilidades.

*- Pois moitas gracias. Desexamos que todo de vaia moi ben.*


Gracias a todos.

# PASATIEMPOS

Busca o nome de oito parroquias de Guntín.

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| H | P | Z | G | M | A | O | G | S | K |
| G | S | I | G | M | L | L | U | A | P |
| Z | O | D | C | L | V | T | M | N | R |
| M | L | M | F | A | Y | N | T | T | A |
| E | A | A | E | T | T | L | I | A | D |
| L | M | I | O | L | Z | O | N | C | E |
| L | E | I | O | T | L | K | H | R | D |
| O | L | L | Z | A | Q | E | V | U | A |
| Z | A | N | Z | M | Q | H | Y | Z | K |
| V | H | A | R | I | E | R | R | E | F |

Oxídale a atopalo queixo ó rato



## CRUCIGRAMA

Palabras relacionadas co contexto.


1-Marca as clases que temos cada día.

2-Lugar donde se das as clases

3-Que facer para non suspender.

4-Contido dun escrito

5-Har unha d'finais do cada trimestre.



## XEROGLIFICO

1 t t  
t ouzo

¿Que é a nosa lingua?

6º E.P.

Patricio

Silvia

2º ESO

# HUMOR

## - ESQUELA -

CON SOBRESALIENTE



Finou - por unha invasión de ceros,  
confortado cos auxilios espirituais.

D.E.P.

A súa esposa: Dona Matrícula de Honor (galeguerzientemente)

FILLOS: Dona Aplicación (ausente), Dona Uxancia (presente)

D. Notable (apunto de morrer), D. Aprobado (gravemente enfer-

mo), D. Suspenso (ten moi boa saúde), amigos, amigas e demais  
compañeiros.

Pregan unha oración pola súa alma e a asistencia á con-  
dución do cadáver que terá lugar en xuño, o día me-  
nos pensado e cunha boa paliza.

Casa Mortuoria: Libro de notas.

Non se recibe doo. Funeraria: "o profesorado".

- O mestre preguntalle a Xaimito

- ¿Que é un canibal?

- Non o sei... contesta

- Vamos ver, se ti por exemplo, te comes o teu pai  
e a túa nai:

- ¿Que serías?

- ¡Ozfo, profesor!




- ¡Caramello, hai unha mosca na  
miña sopa!

- Tranquilo, xa verá como desaparece,  
fíxese na azaña que está  
no borde do prato.

Papá, papá ¿es capaz de firmar cos ollos pechados?

- Si fillo.

- Páis pechaos e firma as notas.



COLABORAN:

6º E.P.

1º E.S.O.

Dous amigos encontráanse na rúa

- Merquel un cadro nunha subasta  
e din que é de Velázquez.

- Ti nin caso: se o pagaches é teu.



# DESPEIDIA

E así poñemos fin  
a esta nova edición;  
queremos que nos disculpen  
se tivemos algún error,  
e se algo non foi do seu agrado  
tamén pedimos perdón.  
Intentaremos que no futuro  
vaiamos sempre a mellor.

Aquí rematamos xa,  
nosas lectores queridos,  
esperamos de verdade  
que non resultara aburrido;  
pois nestas páxinas puxemos  
moita ilusión e cariño.

Por esta vez nada máis;  
se vostedes nos son fieis  
para o próximo ano  
nós contamos con volver.

Adeus, amigos.  
Sorte, ledicia, paz...  
¿Que máis podemos desexar?!

# CHISTES

-Mamá, mamá, de maior quero ser carnicero.

-¿Por que?

-Porque no colexio aprendín a facer chuletas.

Era un prado tan seco, tan seco que as vacas que pacían nel daban leite en pó.

-¿Cal é o colmo dunha aspiradora?  
-Ser alérxica ó pó.

Era un rapaz tan pequeno, tan pequeno que non lle cabía nin a menor dúbida.

-¿Cal é o colmo dunha bicicleta?  
-Levar televisores en vez de radios.

-¿Cal é o colmo dos colmos?  
-Perder un imperdible.

-¿Por que un rinoceronte só ten un corno?  
-Porque lle sae dos narices?

Home invisible busca muller transparente para face-lo nunca visto.

-¿Por que vés xogar ó fútbol en pixama?  
-Porque hoxe xogamos na casa.

-¿Por que escribes con ese rotulador se sabes que está seco?  
-Porque estou escribindo unha carta segreda.

Diego C.

Alberto V.  
J. Manuel C.